



ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 23 DE NOVEMBRO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaseis minutos do día vinte e tres de novembro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Reiteración posta disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos terreos para ampliación do CPI “As Mirandas”.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que nesta reiteración narramos o que foi a posta a disposición destes terreos, faltaba o desvío do camiño que xa está listo.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira da BNG.

Intervén a Sr. Brage Otero sinalando que o seu voto vai a ser favorable, totalmente favorable porque son iniciativas para a dotación económica para estas obras de ampliación, incluso no mes de outubro aínda houbo unha petición pero o que si quero recalcar que foi o acordo no pleno do parlamento a iniciativa do BNG, pero máis ala disto que por suposto é favorable, quero facer unha pequena intervención sobre a reiteración da posta a disposición.

Cando se fixo a posta a disposición non era CPI “As Mirandas” era o “Conde de Fenosa “ polo tanto non sei si o de a reiteración cando o que se fixo era unha petición ao “Conde de Fenosa” e agora é “As Mirandas”, non sei si o de reiteración pode levar algún problema, porque se pediu como “Conde de Fenosa” pero logo foi “As Mirandas” polo tanto máis ala de que fose reiteración sería considerar que cada vez que se diga “As Mirandas” que diga antes “Conde de Fenosa”.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que está completamente de acordo facer un pouco de memoria como di o BNG, dicir que isto o empezamos nós no ano 2007 estaba publicado no DOG despois por parte do novo goberno atrasouse porque tiña novas ideas de facer un colexio novo, caeu o PXOM e ao final non foi unha década senón década e media. Eu creo que aprobar isto e moi bo porque os cativos están aí metidos nunhas casetas e urxe que se faga a obra canto antes.

Sometida a votación a **“Reiteración posta disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos terreos para ampliación do CPI “As Mirandas”**. o Pleno do Concello por unanimidade 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Declaración Institucional ampliación CPI “As Mirandas”.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que aproveitando que se pon a disposición os terreos e unha vez rematada a obra do camiño e xa que houbo unanimidade a hora de aprobar a posta disposición, pois tamén metemos unha declaración institucional que acompañe esa posta a disposición e poñer de manifesto a preocupación.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sr. Brage Otero manifestando que o BNG pediría a supresión do punto onde se fai constar “a instalación de aularios provisionais, co obxectivo de solventar puntualmente a demanda educativa do colexio, respalda a importancia da futura intervención de ampliación”. Nós pediríamos que iso se suprimirá porque pode dar lugar a unha mala interpretación, pódese entender que a instalación de eses aularios foi unha solución e como consecuencia se pide a ampliación, non é o mesmo que como consecuencia de colocar os aularios provisionais se vaia a facer a ampliación que dicir como é verdade, que como era necesario a ampliación que como era urxente instaláronse aulas provisionais que case son definitivas, pero fóra disto nada que dicir.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que están a favor, pero solicitaríamos que se suprimirá o parágrafo onde se fai constar “neste contexto, lembramos que o espazo para materializar esta mellora, os terreos colindantes ao actual patio infantil, xa foi posto a disposición da Consellería de educación no 2014, ademais de contar xa coas adaptacións urbanísticas demandadas polo ente autonómico para poder acometer as obras de ampliación do CPI As Mirandas”, porque eu recordo que non cumpría o ratio.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que no 2014 puxéronse a disposición os terreos por iso engadiuse agora “ademais de contar xa coas adaptacións urbanísticas demandadas polo ente autonómico para poder acometer as obras de ampliación do CPI As Mirandas” agora xa poden co desvío e coas adaptacións urbanísticas esixibles, é un pouco para que se den conta que non só están os terreos senón que tamén están as obras. Polo tanto, podemos corrixir o





punto 2 dicindo “a instalación de aularios provisionais co obxectivo de solventar puntualmente a demanda educativa do colexio respalda a importancia da futura intervención de ampliación” se foi necesario instalar aulas provisionais, máis necesario e facer as obras.

En canto o contexto podemos poñer “neste contexto lembramos que o espazo para materializar esta mellora, os terreos colindantes ao actual patio infantil, xa foi posto a disposición da Consellería de educación no ano 2014, ademais de contar xa coas adaptacións urbanísticas demandadas polo ente autonómico para poder acometer as obras de ampliación do CPI As Mirandas”.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que temen se lles podía lembrar que o PXOM recolle o equipamento, que antes non o recollía.

Dáse conta da declaración institucional “Ampliación CPI CONDE DE FENOSA do seguinte teor literal;

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL AMPLIACIÓN CPI CONDE DE FENOSA

Coma é de xeral coñecemento ao longo destes anos, a situación do único colexio do municipio, o CPI As Mirandas, expón unha evidente necesidade de ampliar e reforzar as súas instalacións para dar acollida ó conxunto do alumnado que recibe a educación obrigatoria no centro, nas múltiples etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

A instalación de aularios provisionais, co obxectivo de solventar puntualmente a demanda educativa do colexio, respalda a importancia da futura intervención de ampliación; os aularios, a maiores de ocupar a metade do patio de recreo que deberá estar desfrutando o alumnado, padecen defectos e avarías que provocan unha merma das condicións de salubridade e habitabilidade, repercutindo na calidade de atención educativa e na saúde de infancia e mestres. A adecuación dunha nova infraestrutura que permita trasladar ó alumnado de infantil destes aularios provisionais a unha aula xa definitiva supón un factor clave no mantemento dunha educación pública de calidade.

Neste contexto, lembramos que o espazo para materializar esta mellora, os terreos colindantes ao actual patio infantil, xa foi posto a disposición da Consellería de educación no 2014, ademais de contar xa coas adaptacións urbanísticas demandadas polo ente autonómico para poder acometer as obras de ampliación do CPI As Mirandas.

Dada a urxencia dos traballos, resulta clave a inclusión desta mellora infraestrutural nos orzamentos de cara ó próximo ano 2022.

Por isto, a corporación municipal reclama e demanda á Xunta de Galicia a urxente necesidade de presupostar no exercicio 2022 unha partida económica suficiente para resolver a situación precaria na que se atopan os aularios provisionais de Infantil do CPI As Mirandas.





Sometida a votación a aprobación da “**Declaración Institucional ampliación CPI As Mirandas**” o Pleno do Concello por unanimidade 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 1 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Aprobación “Corrección de erro material na normativa e planos de ordenación do P.X.O.M. de Ares”.

Dáse conta do informe de secretaría e servizos técnicos de data 10 de novembro de 2021 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA E SERVICIOS TÉCNICOS.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Orde de data 05-02-2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no D.O.G. núm. 31, do 14-02-2020 outorgouse a aprobación definitiva parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ares, deixando dous ámbitos en suspenso:

- **Zona da Punta da Pena.**
- **Núcleo Rural de Seselle.**

Segundo.- Refundido o documento, foi obxecto o P.X.O.M. de inscrición no rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia segundo Orde da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 27 de outubro de 2020 co número de rexistro RPG00065/2020, Libro I, Tomo IV, Folla Rexistral núm. 54.

Asemade foi obxecto de publicación o P.X.O.M. no B.O.P. núm. 186, de 4 de novembro de 2020.

Terceiro.- O 27-10-2021 ten entrada no rexistro de documentos da Corporación nº. 2021-E-RE-1346 documento do equipo redactor: “CORRECCIÓN DE ERROR MATERIAL EN LA NORMATIVA Y PLANOS DE ORDENACIÓN DEL P.G.O.M. de Ares (ADP 05/02/2020).

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 40 e 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Os artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

SEGUNDO. As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Así a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos administrativos regulase no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), que prevé o seguinte:





«Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.»

As características do erro material o de feito sinaláronse entre outras, na Sentenza do TS de 18 de xuño de 2001 segundo a cal:

«...es menester considerar que el error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto, indiscutible y evidente por sí mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y por exteriorizarse «prima facie» por su sola contemplación (frente al carácter de calificación jurídica, seguida de una declaración basada en ella, que ostenta el error de derecho), por lo que, para poder aplicar el mecanismo procedimental de rectificación de errores materiales o de hecho, se requiere que concurran, en esencia, las siguientes circunstancias:

- 1) Que se trate de simples equivocaciones elementales de nombres, fechas, operaciones aritméticas o transcripciones de documentos;
- 2) Que el error se aprecie teniendo en cuenta exclusivamente los datos del expediente administrativo en el que se advierte;
- 3) Que el error sea patente y claro, necesidad de acudir a interpretaciones de normas jurídicas aplicables; sin necesidad de acudir a interpretaciones de normas jurídicas aplicables,
- 4) Que no se proceda de oficio a la revisión de actos administrativos firmes y consentidos;
- 5) Que no se produzca una alteración fundamental en el sentido del acto (pues no existe error material cuando su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica);
- 6) Que no padezca la subsistencia del administrativo, es decir, que no genere la anulación o revocación del mismo, en cuanto creador de derechos subjetivos, produciéndose uno nuevo sobre bases diferentes y sin las debidas garantías para el afectado, pues el acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contenido dispositivo, sustantivo y resolutorio que el acto rectificado, sin que pueda la Administración, so pretexto de su potestad rectificatoria de oficio, encubrir una auténtica revisión; y que se aplique con un hondo criterio restrictivo.»

En idénticos termos a **Sentenza do T.S. de 15 de febreiro de 2006** que indica o seguinte:

«El error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto e indiscutible, implicando, por sí solo, la evidencia del mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y exteriorizándose "prima facie" por su sola contemplación (frente al carácter de calificación jurídica, seguida de una declaración basada en ella, que ostenta el error de derecho), por lo que, para poder aplicar el mecanismo procedimental de rectificación de errores materiales o de hecho, se requiere que concurran, en esencia, las siguientes circunstancias: Que se trate de simples equivocaciones elementales de nombres, fechas, operaciones aritméticas, o transcripciones de documentos, que el error se aprecie teniendo en cuenta exclusivamente los datos del expediente administrativo en el que se advierta, que sea patente y claro, sin necesidad de acudir a interpretaciones





de normas jurídicas aplicables, que no se proceda de oficio a la revisión de actos administrativos firmes y consentidos, que no se produzca una alteración fundamental en el sentido del acto (pues no existe error material cuando su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica), que no padezca la subsistencia del acto administrativo es decir, que no genere la anulación o revocación del mismo, en cuanto creador de derechos subjetivos, produciéndose uno nuevo sobre bases diferentes y sin las debidas garantías para el afectado, pues el acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contenido dispositivo, sustantivo y resolutorio que el acto rectificado, sin que pueda la Administración, so pretexto de su potestad rectificatoria de oficio, encubrir una auténtica revisión, y que se aplique con profundo criterio restrictivo».

SEGUNDO. O erro material ou de feito caracterízase por ser ostensible, manifesto, indiscutible e evidente en por si, sen necesidade de maiores razoamentos, e por exteriorizarse curmá facie pola súa soa contemplación, polo que, para poder aplicar o mecanismo da rectificación de erros materiais ou de feito require que concorran as seguintes circunstancias:

- 1) Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos;
- 2) Que o erro se aprecie tendo que conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte;
- 3) Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables;
- 4) Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos;
- 5) Que non se produza una alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa una operación de cualificación xurídica);
- 6) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador debe mostrar idéntico contido dispositivo, sustantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir una auténtica revisión; e
- 7) Que se aplique cun fondo criterio restritivo.

CUARTO. Respeto ao fondo, trátase de corrixir os artigos 115 “Plan Especial Fachada Marítima de Ares (PE-1) e 116 “Plan Especial Fachada Marítima de Redes (PE-1) e 116 “Plan Especial Fachada Marítima de Redes (PE-2) na Ordenanza.

A corrección devén en ambos casos da Disposición Transitoria Terceira, apartado 3 da Lei 22/1988 de Costas, a cal establece: *El señalamiento de alineaciones y rasantes, la adaptación o reajuste de los existentes, la ordenación de los volúmenes y el desarrollo de la red viaria se llevará a cabo mediante Estudios de Detalle y otros instrumentos urbanísticos adecuados, que deberán respetar las disposiciones de esta ley y las determinaciones de las normas que se aprueben con arreglo a la misma”.*





É dicir, nos artigos 115 e 116 substitúese a palabra: “Plan Especial” por “Estudio de Detalle”, así como nos Planos de ordenación.

QUINTO. Nos termos da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, dada a competencia do Pleno do Concello para a aprobación desta figura de planeamento (PXOM) no que respecta á tramitación municipal, será o Pleno do Concello o que deba adoptar acordo relativo á corrección do erro material do PXOM fundamentado na documentación técnica elaborada polo equipo redactor e remitindo a continuación dito acordo plenario á Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda para que proceda á aprobación definitiva da corrección do erro material e ordene a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, como órgano competente para a aprobación definitiva do expediente.

Ares, a nove de novembro de 2021.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Secretario, O Técnico Municipal.

Ley 22/1998, 28 julio, de Costas

Disposicion Transitoria Tercera, apartado 3:

3. Los terrenos clasificados como suelo urbano a la entrada en vigor de la presente Ley estarán sujetos a las servidumbres establecidas en ella, con la salvedad de que la anchura de la servidumbre de protección será de 20 metros. No obstante, se respetarán los usos y construcciones existentes, así como las autorizaciones ya otorgadas, en los términos previstos en la disposición transitoria cuarta. Asimismo, se podrán autorizar nuevos usos y construcciones de conformidad con los planes de ordenación en vigor, siempre que se garantice la efectividad de la servidumbre y no se perjudique el dominio público marítimo-terrestre. El señalamiento de alineaciones y rasantes, la adaptación o reajuste de los existentes, la ordenación de los volúmenes y el desarrollo de la red viaria se llevará a cabo mediante Estudios de Detalle y otros instrumentos urbanísticos adecuados, que deberán respetar las disposiciones de esta Ley y las determinaciones de las normas que se aprueban con arreglo a la misma.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto imos tratar a aprobación de corrección de erro material na normativa e planos de ordenación do P.X.O.M. de Ares, o P.X.O.M elaborouno o mesmo equipo que fixo o anterior intentando aproveitar ao máximo a documentación anterior pero efectivamente citase normativa que xa está derogada e polo tanto hai unha serie de erros, a finalidade é corrixilos, na documentación veñen as correccións propostas e efectivamente hai que corrixir eses erros que pasaron desapercibidos e agora nos damos conta de que hai que cambialos, son pequenos erros que están nos textos.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.





Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que a postura do BNG ao respecto do PXOM sabedes todos que é neutral, van máis de sete ano dende a súa aprobación inicial e o BNG xa denunciou no seu momento a falta de transparencia e participación, pero resulta que despois de tantos anos o plan non estaba aprobado na súa totalidade, está a medias e o problema é que ao facer os cambios PXOM xa foi exposto publicamente e xa se fixeron reclamacións, e agora aparecen situacións para persoas que están afectadas por estes cambios de normativas e de plans nalgunhas zoas e nos di que é un erro material cando realmente non é un erro, é un cambio de nome, en vez de poñer plan especial, poñer estudo de detalle eu non o considero un erro e encima despois de tanto tempo, con isto o que se supón e seguir co mesmo sistema de impedir a participación dos veciños/as porque realmente si que se podía facer exactamente igual como plan especial aínda que a lei permitise para determinar os solos urbanos consolidados antes do 78 e claro poñer estudo de detalle non se lle vai permitir traballar nos terreos que teñan consideración de urbanos nin se vai a poder modificar volumes polo tanto, estamos en contra.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que nada do que acabas de expoñer é certo, e en consecuencia debería de documentarse un pouco máis, non se cambia a cualificación de ningún solo, toda a cualificación do solo e tal cal apróbese no plan, o único que se fai e cambiar unha lei, cando se alude unha lei hai erros, no mes, no ano, pódese aludir algunha lei que xa está derogada e efectivamente onde pon plan especial, é un engurro e os afectados poden acceder as licenzas cun estudo de detalle que é moito máis sinxelo e se lle facilita a vida aos veciños/as. Polo tanto, son erros materiais o que se pode facer con plans especiais pois se fan e o que se ten que facer con estudo de detalle pois hai que facelo así, non hai máis ámbito de aplicación que efectivamente a de eses erros que efectivamente acabo de explicar.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non entende isto, o mellor e que o aclare o Sr. Secretario, porque aprobouse o PXOM pola Xunta cun plan especial para as fachadas marítimas pero será como diga Costas tanto nos corrixe a nós como a Xunta de Galicia eu creo que é así, non sei si o Sr. Secretario nos pode dar máis información sobre este tema ou o que está confundido son eu.

Toma a palabra o Sr. Secretario manifestando que é como di o Sr. Alcalde o que di a transitoria terceira de Costas "a ordenación dos volumes levarase a cabo mediante estudos de detalle e outros instrumentos urbanísticos adecuados".

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o estudo de detalle é para unhas cousas e o plan especial para outras, para delimitacións estudo de detalle, e para outras cousas o plan especial, pero se complementan.

Visto o informe de Secretaría e Servizos Técnicos de nove de novembro de 2021, o Pleno da Corporación acorda en votación ordinaria por maioría de oito (8) votos a favor do PSdeG-P.S.O.E. (7) e NAL (1), tres (3) abstencións do P.P. e un (1) en contra do B.N.G. o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación ao abeiro dos artigos 21 e 22 da Lei





7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e dos artigos 40 e 109 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Primeiro.- Aprobar a corrección de erro material na normativa e planos de ordenación do P.X.O.M. segundo proposta do equipo redactor de data abril de 2021.

Segundo.- Remiti-lo expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa aprobación definitiva e consiguiente publicación no Diario oficial de Galicia como órgano competente para a aprobación definitiva do expediente.

Punto núm. 4.- Aprobación “Correccións e determinacións da Orde de aprobación definitiva do PXOM de Ares da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia de 05/02/2020 nos dous ámbitos suspendidos”.

Dáse conta do informe de secretaria e servizos técnicos de data 11 de novembro de 2021 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA E SERVIZOS TÉCNICOS.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por Orde de data 05-02-2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no D.O.G. núm. 31, do 14-02-2020 outorgouse a aprobación definitiva parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ares, deixando dous ámbitos en suspenso nos seguintes termos:

1. Outorgar a aprobación definitiva parcial ao Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ares, con suxeición ao cumprimento das condicións sinaladas anteriormente; e deixando en suspenso os seguintes ámbitos:
 - **Zona da Punta da Pena**, desde a avenida dos Castros-rúa Regueiras ata o mar, atendendo ao requirido no informe sectorial da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Transición Ecolóxica, do 11.7.2019.
 - **Núcleo Rural de Seselle**, dada súa condición de núcleo de identidade do litoral.
2. O concello deberá achegar un documento refundido que dea cumprimento ás ditas condicións.
3. Nos ámbitos suspendidos, o Concello introducirá as correccións necesarias, e tras da súa aprobación plenaria, solicitar novamente a súa aprobación definitiva. Namentres, nesos ámbitos resulta aplicable o réxime urbanístico contido no artigo 89 da LSG.
4. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello edeberá publicar no BOP Normativa do PXOM aprobado definitivamente.

SEGUNDO.- Refundido o documento, foi obxecto o P.X.O.M de inscrición no rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia segundo Orde da Directora Xeral de Ordenación do





Territorio e Urbanismo de 27 de outubro de 2020 co número de rexistro RPG00065/2020, Libro I, Tomo IV, Folla Rexistral núm. 54.

Asemade foi obxecto de publicación P.X.O.M. no B.O.P. núm. 186, de 4 de novembro.

TERCEIRO.- O 26-10-2021 ten entrada no rexistro de documentos da Corporación nº. 2021-E-RE-1340 documento do equipo redactor: "**correccións e determinacións derivadas da Orde de Aprobación Definitiva do PXOM de Ares da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia do 05/02/2020 nos dous ámbitos suspendidos**".

CUARTO.- Nestes ámbitos suspendidos resulta aplicable namentres o réxime urbanístico contido no artigo 89 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia.

Artículo 89: Usos y obras provisionales.

1. No obstante la obligatoriedad de la observancia de los planes, podrán autorizarse usos y obras de carácter provisional en suelo urbano no consolidado, suelo urbanizable y terrenos afectados a sistemas generales en tanto no se inicie el procedimiento de gestión correspondiente, siempre que no estuvieran expresamente prohibidos por el planeamiento general ni por la legislación sectorial.
2. Los usos y obras provisionales deberán cesar y derribarse cuando lo hubiera acordado el ayuntamiento, sin derecho a indemnización. La autorización aceptada por el propietario se hará constar bajo las indicadas condiciones en el registro de la propiedad.

Las obras ejecutadas para usos provisionales habrán de ser las mínimas imprescindibles para permitir unas instalaciones fácilmente desmontables. No se admiten como usos provisionales los residenciales ni los industriales.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigos 61 e 62 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Artigos 144 e 147 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, deo 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

SEGUNDO. Polo equipo redactor do PXOM procédese á ordenación dos dous ámbitos suspendidos:

- A) PUNTA DA PENA:** Engádese novo viario peonil (SXV-16). A tal efecto corríxese a Memoria Xustificativa nas páxinas 137 e 122.

No documento IV do PXOM "Estratexia de Actuación e Estudo Económico" corríxense as páxinas 10, 20,23, 28 e 29.





Planos: 1. “Estructura xeral e orgánica do territorio”. 2-1-4. “Ordenación termo Municipal” e 4-5 Urbano Ares.

- B) NÚCLEO DE IDENTIDADE LITORAL (NIL) DE SESELLE:** Engádesse nova ordenanza específica coa corrección dos seguintes documentos: “Memoria xustificativa (pax. 57)” e “Normativa”: novo artigo 94 bis (condicións específicas para os núcleos de identidade litoral –NIL_ na páxina.

TERCEIRO.- Nos termos da Orde do 5 de febreiro de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nos ámbitos suspendidos (Punta da Pena e Núcleo de identidade litoral –NIL- de Seselle, introducidas a correccións necesarias, e tras da súa aprobación plenaria, solicitaráse novamente a súa aprobación definitiva.

CUARTO. Nos termos da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, dada a competencia do Pleno do Concello para a aprobación desta figura de planeamento (PXOM) no que respecta á tramitación municipal, será o Pleno do Concello o que deba adoptar acordo relativo ás correccións necesarias dos ámbitos suspendidos de Punta da Pena e do Núcleo de identidade litoral –NIL- de Seselle fundamentado na documentación técnica elaborada polo equipo redactor e remitindo a continuación dito acordo plenario á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que proceda á aprobación definitiva das correccións introducidas ordenando as zonas suspendidas de referencia e ordene a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, como órgano competente para a aprobación definitiva do expediente.

Ares, a once de novembro de 2021

O Secretario, O Técnico Municipal.

Orde do 5 de febreiro de 2020 de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ares (DOG núm. 31, do 14-02-2020):

RESOLVO:

1. Outorgar a aprobación definitiva parcial ao Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ares, con suxeición ao cumprimento das condicións sinaladas anteriormente; e deixando en suspenso os seguintes ámbitos:
 - Zona da Punta da Pena, desde a avenida dos Castros-rúa Regueiras ata o mar, atendendo ao requirido no informe sectorial da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Transición Ecolóxica, do 11.7.2019.
 - Núcleo Rural de Seselle, dada súa condición de núcleo de identidade do litoral.
2. O concello deberá achegar un documento refundido que dea cumprimento ás ditas condicións.
3. Nés ámbitos suspendidos, o Concello introducirá as correccións necesarias, e tras da súa aprobación plenaria, solicitar novamente a súa aprobación definitiva. Namentres, nes ámbitos resulta aplicable o réxime urbanístico contido no artigo 89 da LSG.





4. De conformidde co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a Normativa e ordenanzas do PXOM aprobado definitivamente.
5. Notifíquese esta Orde ao Concello, e publíquese no Diario de Oficial de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que neste punto é a aprobación destes ámbitos que quedaron suspendidos aos efectos de incluílos no plan xeral necesitamos aprobar os instrumentos de incorporación e polo tanto a regulación de eses ámbitos que estaban suspendidos. No expediente do pleno vedes que os traballos xa están culminados na zona de Punta Pena e no núcleo rural de Seselle e en consecuencia o traemos hoxe a aprobación plenaria.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que está en contra da aprobación porque é máis do mesmo e despois de tanto tempo no plano o que se debuxa é o que está no POL nese punto ou sexa, que xa se puido poñer dende o inicio. Cando se presentou o POL, o Concello de Ares non fixo ningunha alegación e dende logo o noso voto e en contra.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que cando se aprobou o POL non se fixo ningunha alegación porque negociouse co director xeral e chegamos a un consenso e en consecuencia, non vamos a diferenza de outros grupos que se emenda a eles mesmos, non non nos emendamos a nós mesmos e si chegamos a un acordo coa Xunta de Galicia sexa quen sexa, o cumprimos. Cando se fixo o POL se negociou e o POL é un plan de ordenación do litoral no que efectivamente estamos de acordo porque o PP logo asumiu como unha das súas políticas básicas, pero o primeiro que suspendeu todas as edificacións a 200 m foi o presidente Touriño nada máis selo, e despois desa protección do litoral o PP seguiu concretando os traballos, nos fomos escoitados e non tiñamos nada que emendar porque estamos de acordo coa protección do litoral, e non ten nada que ver unha cousa coa outra.

En Punta da Pena non esixen un acceso ao mar cada 200 m e aí non hai acceso ao mar porque é un acantilado e cando nós deseñamos un paseo marítimo que unira Ares con Seselle foi costa a que dixó que o quitamos e agora resulta que esixen un acceso en perpendicular cando nós defendemos un acceso en paralelo, non un acceso ao acantilado iso é unha loucura pero así o esixen.

En canto o de Seselle e bo que lle expliques o teu voto en contra a todos os veciños/as que por culpa desta suspensión non poden facer nada en Seselle a diferenza de todos os demais lugares de Ares, sería bo que lles explicaras porque segues votando en contra para que os de Seselle non podan facer o que se está a facer en Rodelas, Chanteiro, Cervas, Lubre e nos vinte e pico núcleos rurais, isto faise para resolverlles a papeleta aos veciños/as de Seselle que son os únicos no que o núcleo rural está suspendido.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que sobre a Punta da Pena pensamos outra cousa, xa presentamos unha alegación ao plan sobre isto e creemos que esa é





a solución e por iso imos a votar en contra. Estamos de acordo co de Seselle, pero como o voto é para os dous ámbitos pois o voto vai ser en contra.

Eu creo que esta non é a solución, como ben dixeches e polo tanto imos a votar en contra.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non é a solución, por iso nós seguimos defendendo o paseo marítimo o que pasa é que a costas metéuselle na cabeza esta loucura.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que cando eles presentaron o proxecto do paseo marítimo fixeron algunhas modificacións pero deron o visto bo, non sei a que ven agora votar en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a solución é un paseo marítimo que una Ares con Seselle e non este despropósito que quen asinou o informe e quen estaba por enriba negouse a escoitarnos, nalgúnhas cousas estase a acertar pero en outras metese a pata ata o fondo, cun custo brutal na tramitación deste plan e na suspensión destes ámbitos e nunha solución que é unha loucura, un acceso perpendicular é unha loucura isto non se ve en ningún sitio, un despropósito que de quen podendo interferir non o fixo, e que eu xa dixen o tiña que dicir moitas veces, son intransixentes e esixen isto e non dan outra solución e claro que temos outra solución e intentaremos seguir defendendo ese paseo marítimo.

Visto o informe de Secretaría e Servizos Técnicos de once de novembro de 2021, o Pleno da Corporación acorda en votación ordinaria por maioría de oito (8) votos a favor do PSdeG-P.S.O.E. (7) e NAL (1), cinco (5) en contra do P.P. (3) e B.N.G. (2) o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación ao abeiro dos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 61 e 62 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 144 e 147 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia:

Primeiro.- Aprobar as correccións e determinacións derivadas da Orde de Aprobación Definitiva do PXOM de Ares da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia do 05/02/2020 nos dous ámbitos suspendidos.

Segundo.- Remiti-lo expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa aprobación definitiva e consiguiente publicación no Diario oficial de Galicia como órgano competente para a aprobación definitiva do expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e corenta e catro minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente





Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor



Cod. Validación: 7AGKEEFM6YG6KZY9JWGYEGZ2F | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14